

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de Dona ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA*)
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 12 horas do día 19 de novembro de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada Dona Ana María Mejías Sacaluga, sendo substituída pola Deputada, Dona Iria Lamas Salgueiro.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS REUNIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, CORRESPONDENTES A ORDINARIA DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2021, E A EXTRAORDINARIA DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade as actas das reunións da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e



Axenda Dixital, correspondentes a ordinaria do día 22 de outubro de 2021, e a extraordinaria do día 5 de novembro de 2021.

2. MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NO CENTRO DE VACACIÓNS DE A LANZADA. (EXPTE.- 2021055405).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, de data 15 de novembro de 2021 en relación coa modificación do acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións da Lanzada, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o Informe - Proposta da Xefa de servizo de Cohesión Social e Xuventude, conformado polo Deputada delegado, de data 5/11/2021, para modificación do punto 2.1. do anexo I do Acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións “A Lanzada”, correspondente coa actividade de campamentos organizados pola Deputación en períodos de sete días.

Visto o estudo económico de data 4/11/2021, suscrito pola Xefa de Servizos, xustificativo dos gastos e ingresos correspondentes á actividade.

Visto o Informe da Intervención provincial de data 5/11/2021.

Vista a competencia da Xunta de Goberno en materia de establecemento e regulación de Prezos públicos segundo o disposto no artigo 46 do TRLRFL e acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Provincial de data 30/12/1992 (BOP nº 14, 22/01/1993).

Á vista do exposto, PROPOÑO á Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que ditamine favorablemente a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro. *Acordar a modificación do punto 2.1. do Anexo I do Acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións “A Lanzada”, a efectos de actualizar o importe da tarifa correspondente coas prazas ordinarias de actividades de campamento organizados pola Deputación de Pontevedra, de conformidade co seguinte:*

2. Campamentos en tendas de campaña (só en temporada de verán):

2.1. Organizadas pola Deputación, en períodos de 7 días,

Con prestación de servizos:

- Prazas ordinaria, por persoa 110,00 €



Segundo. *Dispoñer a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do Anexo I do Acordo regulador (cadro de tarifas) con incorporación da modificación aprobada, que entrará en vigor e aplicarase a partir do día seguinte ao da data da súa publicación.*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á modificación do acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións da Lanzada, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

3. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2021. (EXPTE.- 2021055616).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 16 de novembro de 2021, no que figura o conforme do Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, en relación coa aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2021, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno



a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2021. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/21) por importe de 33.948,64 euros e suplementos de créditos (SUP. 05/21) por importe de 5.077.244,12 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Os suplementos de créditos (SUP. 05/21), por unha parte coa concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 5.000.000,00 euros, para a ampliación do Programa “REACPON”; e cos ingresos en formalización correspondentes ás menores achegas do concello de Redondela para proxectos que reciben achegas FEDER-IDAIE/2020: “2020018363 Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos-Guizán, dende o p.q. 2+180 ata o p.q. 2+920” por importe de 77.244,12 euros, con destino a proxectos específicos do concello.
- O crédito extraordinario (EXT. 04/21) con ingresos en formalización correspondentes ás menores achegas do concello Ponte Caldelas para proxectos que reciben achegas FEDER-IDAIE/2020: “2018000148 Construción de senda peonil na E.P. 0206 Ponte Caldelas – Parada- Xustáns”, por importe de 33.948,64 euros, con destino a proxectos específicos do concello.

Resultando que o Servizo de Intervención emite informe de data 12 de novembro de 2021, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2021.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2021 da Deputación de Pontevedra por importe por importe de 5.111.192,76 euros. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/21) por importe de 33.948,64 euros e suplementos de créditos (SUP. 05/21) por importe de 5.077.244,12 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 04/21”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
------------	--------------	---------



942-9420-762,42	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN "RINF_21-00901_PONTE CALDELAS_ Investimentos Concello de Ponte Caldelas", (obra: Ensanche de viario municipal en Tourón, Ponte Caldelas. Tramo 3),	33.948,64 €
	Total Créditos Extraordinarios...	33.948,64 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 04/21:

O proxecto "RINF_21-00901_PONTE CALDELAS_ Investimentos Concello de Ponte Caldelas", financiase con cargo ás menores achegas do concello de Ponte Caldelas para proxectos que reciben achegas FEDER-IDAE/2020: "2018000148 Construción de senda peonil na E.P. 0206 Ponte Caldelas – Parada- Xustáns"; ingreso recibido "en formalización" con cargo ao POS/20 por importe de 33.948,64 €".

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-762,42	ACHEGAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento menor achega ao proxecto 2018000148 Senda peonil na EP 0206 Ponte Caldelas-Parada-Xuntáns), "EN FORMALIZACIÓN"	33.948,64 €
	Total ingresos...	33.948,64 €

2. Suplemento de Crédito "SUP. 05/21":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762,75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN [Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post- covid. Programa REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)]	5.000.000,00 €
942-9425-762,45	A CONCELLOS, PLAN COOP. CONCELLOS, POS_21_00984 REDONDELA (OBRAS: Servizos e pavimentación na contorna do Pazo Torres de Agrelo, 71,244,12€; Subministración de mobiliario para parques infantís e zonas de ocio no termo municipal de Redondela, 6,000€)	77.244,12 €
	Total Suplementos de Créditos...	5.077.244,12 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 05/21:

A) Parte da ampliación do Programa "REACPON" con destino aos Concellos financiase coa concertación dunha operación de crédito (préstamo a longo prazo) por importe de 5.000.0000,00€.

B) O proxecto, POS_21_00984 REDONDELA, engadido na aplicación 21/942-9425-762,45 correspondente ao Concello de Redondela, financiase con cargo ás menores achegas do concello de Redondela para proxectos que reciben achegas FEDER-IDAE/2020: "2020018363 Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os



Valos-Guizán, dende o p.q. 2+180 ata o p.q. 2+920"; ingreso recibido "en formalización" con cargo ao POS/19 por importe de 77.244,12€"

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-762,47	ACHEGAS DO CONCELLO DE REDONDELA A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento menor achega ao proxecto 2020018363 Melloras EP2906 Os Valos - Guizán), "EN FORMALIZACIÓN"	77.244,12 €
931-913,01	PRESTAMOS A LONGO PRAZO_INTERVENCIÓN	5.000.000,00 €
	TOTAL...	5.077.244,12 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	5.077.244,12 €
CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	33.948,64 €
SUMA...	5.111.192,76 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 7º transferencias de capital.	111.192,76 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	5.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	5.111.192,76 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 7º Transferencias de capital.....	5.111.192,76 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	5.111.192,76 €

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 05/2021 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/21) por importe de 33.948,64 euros e suplementos de créditos (SUP. 05/21) por importe de 5.077.244,12 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.



Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2021, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2021, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

4. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE PARA CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO CON APERTURA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 20.000.000,00 EUROS. (EXPTES.- 2021057049 E 2021024191).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 12 de novembro de 2021, no que figura o conforme do Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, en relación coa adxudicación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 20.000.000,00 euros, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a adxudicación da operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha



operación a longo prazo por un importe de 20.000.000,00 euros co obxectivo de financiar investimentos do “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, por un prazo de 13 anos incluíndo 3 anos de carencia e disposición, con cotas de amortización trimestrais durante os 10 últimos anos polo método constante e liquidación de intereses trimestral.

De conformidade do disposto no artigo 48 bis do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que subscriban as entidades locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira. Pola Intervención emitíuse o correspondente informe sobre as condicións que rexen a concertación da operación de “préstamo con apertura de crédito” en aplicación do principio de prudencia financeira.

Resultando que con data 18 de outubro de 2021, publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante con toda a documentación integrante do expediente.

Resultando que con data 11 de novembro de 2021, emitíuse Acta da valoración técnica que realiza proposta de adxudicación a favor de BBVA, S.A.

Considerando que de conformidade co establecido nos artigos 33.2.j) e 47.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local o Pleno é órgano competente para aprobación e adxudicación da operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha operación a longo prazo por un importe de 20.000.000,00 euros.

O Pleno de conformidade co Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

PRIMEIRO. Excluir a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., debido a que non cumpre coa cláusula decima do prego de cláusulas técnicas e administrativas, que establece:

“FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

a. Forma: ELECTRÓNICA

b. Lugar: Plataforma de licitación electrónica VORTAL.

A presentación de proposicións realizarase exclusivamente a través da Plataforma de licitación electrónica da Deputación.

c. Prazo: O prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 15 días hábiles.



Entenderase que a oferta está correctamente presentada se o seu envío e a finalización da transmisión na plataforma de licitación electrónica realízanse antes de terminar o prazo de presentación de ofertas.”

Polo exposto, a oferta presentada pola entidade financeira a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., non cumpre co exisido, xa que non finaliza a transmisión da súa correspondente oferta na plataforma VORTAL e a envía a través do sistema SIR do estado.

SEGUNDO. *Excluir a BANCO SABADELL, debido a que a oferta presentada (a tipo fixo: 0,80% anual) supera o Custo Total Máximo a tipo fixo [CTMF]: +0,648% determinado nos pregos no Anexo II, polo que incumpre os pregos e non se pode admitir.*

TERCEIRO. *A proposta de BBVA S.A., a tipo variable: Euribor 3M + 0,49%, é inferior ao Custo Total Máximo a tipo variable [CTMV]: EUR 3M +0,659 %, axustándose aos pregos, en consecuencia, propónse **adxudicar** a concertación da operación de PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO destinado a financiar o “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, a Entidade Financeira “Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. (BBVA), con C.I.F.: A48265169”, nas seguintes condicións:*

- *Tipo de operación: PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO.*
- *O importe da operación: 20.000.000,00 €.*
- *Prazo total da operación: 13 anos.*
- *Prazo de carencia: os 3 primeiros anos.*
- *Prazo de disposición: os 3 primeiros anos.*
- *Prazo de amortización: constante (os 10 últimos anos).*
- *Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.*
- *Tipo de interese: [Variable: Euribor 3M + 0,49%].*
- *Comisións de non dispoñibilidade: máximo 0,00% anual.*
- *Tipo de interese de Demora: 1,80 puntos básicos sobre o tipo de interese debedor.*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo



que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á adxudicación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 20.000.000,00 euros, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

5. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO CON APERTURA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 5.000.000,00 EUROS. (EXPTE.-2021056421).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 16 de novembro de 2021, no que figura o conforme do Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, en relación coa aprobación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 5.000.000,00 euros, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ao Pleno a aprobación da concertación cunha entidade financeira dunha operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha operación a longo prazo por un importe de 5.000.000,00 euros co obxectivo de financiar parte dos maiores investimentos do “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, por un prazo de 13 anos incluíndo 3 anos de carencia e disposición, con cotas de amortización trimestrais



durante os 10 últimos anos polo método constante e liquidación de intereses trimestral.

De conformidade do disposto no artigo 48 bis do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que subscriban as entidades locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira. Pola Intervención emítiuse o correspondente informe sobre as condicións que rexen a concertación da operación de “préstamo con apertura de crédito” en aplicación do principio de prudencia financeira.

Resultando que con data do 15 de novembro de 2021, por parte da Secretaría Xeral emítese informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir na tramitación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 5.000.000,00 euros.

Resultando que con data do 12 de novembro de 2021, emítese informe por parte da Intervención sobre os aspectos referidos á competencia, os recursos con que conta a corporación provincial, efectos sobre a estabilidade orzamentaria e características da citada operación de préstamo a longo prazo.

Considerando que de conformidade co establecido nos artigos 33.2.j) e 47.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local o Pleno é órgano competente para aprobación da concertación cunha entidade financeira dunha operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha operación a longo prazo por un importe de 5.000.000,00€.

O Pleno de conformidade co Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: *Aprobar o expediente para a concertación dunha operación de “préstamo a longo prazo con apertura de crédito” para financiar parte dos maiores investimentos no “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, coas seguintes características:*

- *Tipo de operación: PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO.*
- *O importe da operación: 5.000.000,00 €.*
- *Prazo total da operación: 13 anos.*
- *Prazo de carencia: Os 3 primeiros anos*
- *Prazo de disposición: Os 3 primeiros anos*



- *Prazo de amortización: 10 anos*
- *Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.*
- *Tipo de interese: [Fixo ou Variable].*
- *Comisións de non dispoñibilidade: máximo 0,1% anual.*

Segundo: *Aprobar o prego de cláusulas técnicas e administrativas (CSV:14NED67B08JQE8FI) que rexerán en dito procedemento de concertación como norma fundamental do contrato.*

Terceiro: *Iniciar o procedemento para a concertación desta operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 5.000.000,00 euros, indicando que esta operación deberá estar adxudicada e formalizada antes do 31 de decembro de 2021.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 5.000.000,00 euros, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

6. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E VALORACIÓN A DATA 31-10-2021. (EXPTE.- 2021056849).



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Técnico adxunto a xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 16 de novembro de 2021, en relación coa rectificación do inventario de bens e dereitos da Deputación de Pontevedra e valoración a data 31-10-2021, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno da Deputación de Pontevedra en sesión celebrada o 24 de abril de 2015 aprobou a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación de Pontevedra cunha valoración total do inventario a data 31-12-2014 de 268.564.388,27 €

Resultando que o técnico adxunto á xefatura do servizo de Contratación Facenda e Patrimonio emitiu informe de data 12/11/2021, no que figura o conforme do Secretario Xeral, cuxo contido literal é o seguinte:

“1. ANTECEDENTES DE FEITO:

O Pleno da Deputación de Pontevedra en sesión celebrada o 24 de abril de 2015 aprobou a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación de Pontevedra cunha valoración total do inventario a data 31-12-2014 de 268.564.388,27 € (Anexo 1).

Con posterioridade, o Tribunal de Contas aprobou un informe de fiscalización sobre a xestión do patrimonio inmobiliario das Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos insulares do período 2014-2015 no que se pon de manifesto unha serie de problemas ou debilidades detectados na xestión dos bens públicos por parte das Deputacións propoñendo unha serie de recomendacións para a mellora da xestión patrimonial.

Entre as recomendacións propostas polo Tribunal de Contas destaca a necesidade de implantar nas Deputacións mecanismos e procedementos internos que aseguren unha xestión permanente e actualización do inventario, así como elaborar manuais internos de normas e procedementos para a xestión patrimonial.

En base a estas recomendacións, a Deputación de Pontevedra encargou a elaboración dun estudo de diagnóstico do sistema de xestión patrimonial e do Inventario de Bens da Deputación. Este traballo conclúe que se detectaron carencias e limitacións na xestión do patrimonio da Deputación e do Inventario de Bens e Dereitos e propón efectuar un cambio integral do modelo actual cun ambicioso plan de traballo a realizar en diferentes etapas co obxectivo final de lograr unha xestión integral e eficiente do patrimonio provincial.

O plan de traballo proposto contempla a necesidade de diseñar unha metodoloxía para a xestión patrimonial baseada nuns manuais de normas e procedementos internos para toda a Deputación, e implantar unha nova aplicación informática de xestión patrimonial integrada coa contabilidade en cumprimento da ICAL, así como dotar de recursos humanos e técnicos á área de patrimonio. Finalmente propón realizar un traballo de saneamento, actualización do inventario e conciliación contable-patrimonial, e adaptar o sistema informático de xestión patrimonial ós manuais de normas e procedementos.



En base a estas recomendacións a Deputación iniciou un proceso de cambio do seu modelo de xestión patrimonial coa elaboración dos manuais de normas e procedementos de xestión patrimonial, que se configuran como o punto de partida e base metodolóxica para o desenvolvemento do plan nas fases sucesivas (adaptación da aplicación informática de inventario ó novo modelo, saneamento e depuración do inventario actual e integración dos sistemas informáticos contable-patrimonial e conciliación dos datos).

O cambio do modelo de xestión patrimonial da Deputación require dun importante esforzo de toda a organización para a súa adaptación ós novos procedementos así como a necesidade de incorporar medios humanos e materiais que garanticen unha xestión eficiente do novo modelo, que se atopa actualmente en fase de implantación, e en estudio a adaptación do sistema informático patrimonial con plena integración coa aplicación informática de contabilidade que permita a conciliación dos datos contables e patrimoniais. En consecuencia, tendo en conta que este novo modelo coa mencionada conciliación contable-patrimonial aínda non está implementado, os traballos para a rectificación do inventario leváronse a cabo en base ó anterior modelo de xestión.

Deste xeito, desde a derradeira rectificación do inventario producíronse diferentes alteracións dos bens e dereitos da Deputación (altas, baixas e modificacións) correspondentes ós diferentes epígrafes establecidos no artigo 18 do REBEL, polo que procede aprobar a correspondente rectificación anual do inventario.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) (art. 32 y ss).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local (art. 79 a 83).*
- *RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (art. 86).*
- *RD 1372/1986, de 13 de junio, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (REBEL) -(artigos 17 a 36 y disp. transitoria 2ª).*
- *RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL- (art. 204 y 205 k).*
- *Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, polo que se aproba a INSTRUCIÓN DO MODELO NORMAL DE CONTABILIDADE LOCAL (BOE nº 237, de 3 de outubro), de aplicación desde o 01-01-2015.*

3. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- *O artigo 32 da LPAP establece a obriga das AAPP de formar inventario e o artigo 33 do REBEL dispón que a rectificación do inventario se rectificará anualmente e*



nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole producidas no conxunto de bens e dereitos durante o período.

Segundo.- O artigo 34 do REBEL establece que o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario formado, a súa rectificación e comprobación.

Terceiro. O artigo 32.1 do REBEL determina que unha vez aprobada a rectificación do inventario remitirase copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- Desde a derradeira rectificación do inventario producíronse diferentes alteracións de bens e dereitos da Deputación (altas, baixas e modificacións). Desde o servizo de Contratación e Patrimonio realizouse un traballo de identificación das alteracións producidas nos bens e dereitos a través da recopilación dos expedientes patrimoniais, e unha análise e depuración dos listados das facturas que foron abonadas con cargo a aplicacións orzamentarias do capítulo 6 do orzamento de gastos das que se seleccionaron aquelas que se identificaron como adquisicións de bens de carácter inventariable. As alteracións de bens identificadas foron rexistradas no programa informático de Inventario da Deputación (Etensis Inventario) como altas, baixas ou modificacións co fin de confeccionar as fichas individualizadas de inventario de cada ben o dereito dacordo co establecido nos artigos 20 a 28 do REBEL. Faise constar que a data de alta se corresponde coa data de incorporación do ben ou dereito no programa de inventario.

As alteracións (altas, baixas e modificacións) dos bens e dereitos identificadas durante o período se recollen de xeito individualizado no anexo a este informe (CSV: XEVZ8OXFEK88SX9B), sendo o resumo das alteracións o seguinte:

➤ **VARIACIÓNS INVENTARIO EJERCICIO 2015:**

1. Inmobles (Ver detalle Anexo 2):

- A. Altas:** 5.891.191,72 € (incluidas melloras/inversións en construcións e terreos por valor de 1.837.997,05 €)
- VIVEIRO DE EMPRESAS POLÍGONO INDUSTRIAL DE LALÍN: 565.966,23€.
 - VIVEIRO DE EMPRESAS POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (BARRO) PARCELAS A04-A05: 1.292.582,50 €
 - NOVO LABORATORIO AGROALIMENTARIO FINCA MOURISCADÉ (LALÍN): 2.194.645,94 €
 - TERRENO VIVEIRO DE EMPRESAS POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (BARRO): 0 €
 - TERRENO CENTRO DE APOIO E SERVIZO EMPRESARIAL DE BARRO-MEIS: 0 €



B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2015.

2. Dereitos reais: (Ver detalle **Anexo 3**):

A. Altas: 0 €

- DEREITO DE USO DUN ESPAZO NO AEROPORTO DE VIGO PARA STAND DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (Activo 2.1.000005).
- DEREITO DE USO DUN ESPAZO NO MOSTEIRO DA ARMENTEIRA PARA STAND DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (Activo 2.1.000006).
- DEREITO DE USO DE ESPAZOS DO CASTRO TECNOLÓXICO DE LALÍN PARA CENTRO VIRTUAL DE CULTURA CASTREXA (Activo 2.1.000007).
- DEREITO DE USO DA PARCELA E-3 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE LALÍN 2000, PROPIEDAD DO CONCELLO DE LALÍN, PARA A CONSTRUCCIÓN DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN (Activo 2.1.000010).
- DEREITO DE USO DUN LOCAL DO CONCELLO DE CANGAS-PRAZA DAS PONTES S/N- PARA OFICINA PERIFÉRICA DO O.R.A.L DE CANGAS (Activo 2.1.000011).
- DEREITO DE USO DUN LOCAL DO CONCELLO DE CAMBADOS-RÚA OURENSE, 8 BAIXO- PARA OFICINA PERIFÉRICA DO O.R.A.L DE CAMBADOS (Activo 2.1.000012).

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2015.

3. Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico (Ver detalle **Anexo 4**):

A. Altas: 435.367,00 €

B. Baixas: 432.091,52 €

4. Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2015.

5. Vehículos (Ver detalle **Anexo 5**):

A. Altas: 0 €. Non se produce ninguna alta durante o ano 2015.

B. Baixas: 160.213,57 €.

6. Semovientes:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2015.

7. Mobles non comprendidos nos anteriores epígrafes (Ver detalle **Anexo 6**):



A. Altas: 2.408.392,51 €

B. Baixas: 687.642,81 €

8. Bens e dereitos revertibles:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2015.

➤ **VARIACIONES INVENTARIO EJERCICIO 2016:**

1. Inmobles (Ver detalle Anexo 7):

A. Altas: 1.438.810,07 € (incluidas melloras/inversións en construcións e terreos por valor de 653.849,06 €)

- CENTRO DE APOIO E SERVIZO EMPRESARIAL DE BARRO-MEIS: 784.961,01 € (Activo 1.1.000206).

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2016.

2. Dereitos reais: (Ver detalle Anexo 8):

A. Altas: 0 €

- DEREITO DE USO CASTELO DE VILASOBROSO (Activo 2.1.000004).

- DEREITO DE USO DE ESPAZOS DO PAZO DE LIÑARES (LALÍN) PARA O CENTRO DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO ARQUEOLÓXICO (Activo 2.1.000009).

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2016.

3. Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico (Ver detalle Anexo 9):

A. Altas: 44.235,45 €

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2016.

4. Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal (Ver detalle Anexo 10):

A. Altas: 263.955,53 €

B. Baixas: 375.850,00

5. Vehículos (Ver detalle Anexo 11):

A. Altas: 69.576,69 €

B. Baixas: 53.776,79 €

6. Semovientes: (Ver detalle Anexo 12):



A. Altas: 13.700 €

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2017.

7. Mobles non comprendidos nos anteriores epígrafes (Ver detalle Anexo 13):

A. Altas: 436.668,50 €

B. Baixas: 70.285,39 €

8. Bens e dereitos revertibles:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2016.

➤ **VARIACIONES INVENTARIO EJERCICIO 2017:**

1. Inmobles (Ver detalle Anexo 14):

A. Altas: 747.583,79 € (importe correspondente a melloras/inversións en construcións e terreos por dito valor)

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2017.

2. Dereitos reais: (Ver detalle Anexo 15):

A. Altas: Non se producen altas durante o ano 2017.

B. Baixas: 215.000,00 €

- DEREITO DE USO FINCA OUTEIRO DE COBAS-MEAÑO
CONSTRUCCIÓN POUSADA DE MEAÑO (Activo 2.1.000002).

3. Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico (Ver detalle Anexo 16):

A. Altas: 25.005,00 €

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2017.

4. Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2017.

5. Vehículos (Ver detalle Anexo 17):

A. Altas: 208.270,51 €



B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2017.

6. Semovientes:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2017.

7. Mobles non comprendidos nos anteriores epígrafes (Ver detalle Anexo 18):

A. Altas: 204.630,89 €

B. Baixas: 35.026,19 €

8. Bens e dereitos revertibles:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2017.

➤ **VARIACIÓNS INVENTARIO EJERCICIO 2018:**

1. Inmobles (Ver detalle Anexo 19):

A. Altas: 135.185,91 € (importe correspondente a melloras/inversións en terreos e estradas provinciais por dito valor)

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2018.

2. Dereitos reais:

Non se producen variacións (altas e baixas) durante o ano 2018.

3. Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico (Ver detalle Anexo 20):

A. Altas: 152.350,00 €

B. Baixas: Non se producen baixas durante o ano 2018.

4. Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal (Ver detalle Anexo 21):

A. Altas: 8.218,00 €

